

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 9 DE SETEMBRO
DE 2024 POLA QUE SE PUBLICAN AS BASES DO
PROGRAMA DE RETENCIÓN DE TALENTO
INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO
PARA O 2024.**

A promoción da investigación e a transferencia de coñecemento en todos os ámbitos é un dos obxectivos estratéxicos da Universidade de Vigo. Os programas competitivos internacionais, nacionais e autonómicos de contratación de persoal posdoutoral foron e seguen sendo fundamentais para a incorporación de investigadoras e investigadores novos, cuxa contribución ao progreso da I+D+i desenvolvida na nosa institución son indubidables.

Sendo consciente da importancia dos recursos humanos de I+D+i, durante os últimos anos a Universidade de Vigo apoiou e puxo en marcha programas orientados á captación de persoal investigador e á consolidación da súa actividade dentro das liñas de investigación desenvolvidas na Universidade, tendo sempre en conta a avaliación obxectiva do mérito e a excelencia curricular.

Co obxecto de facilitar a continuidade da actividade desenvolvida polo persoal investigador incorporado no cadro dos diferentes programas de contratación de doutoras e doutores tanto europeos como nacionais e autonómicos (Marie Curie Individual Fellowship, *Jóvenes Investigadores(as)* (JIN), Margarita Salas, María Zambrano, Juan de la Cierva incorporación e as axudas dos programas posdoutorais da Xunta de Galicia-modalidade B) a Universidade de Vigo pon en marcha unha nova edición dun programa para a contratación de investigadoras e investigadores de traxectoria destacada, baseado na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación modificada a 6 de setembro do 2022, a cal establece que os axentes públicos de investigación, caso da Universidade de Vigo, poderán contratar persoal investigador en réxime laboral baixo as modalidades contractuais establecidas nos seus artigos 21, 22, 23 e 23 bis ou baixo calquera outra modalidade temporal, que dea acomodo á realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a convocatoria do Programa de Retención de Talento para o ano 2024 conforme ás bases sinaladas no Anexo I aprobadas no Consello de Goberno realizado o 30 de xullo de 2024.



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR

P.D. R.R. 30/05/2024 (DOG de 10 de xuño)

A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

Asinado dixitalmente por María Belén Rubio Armesto



ANEXO I- BASES XERAIS**PROGRAMA DE RETENCIÓN DE TALENTO INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE
DE VIGO. CONVOCATORIA 2024****1. Obxectivo**

A presente convocatoria ten como obxectivo a realización dun proceso selectivo para a contratación como persoal laboral temporal de investigadoras ou investigadores doutoras/es, que tiveran desenvolvido a súa actividade investigadora posdoutoral na Universidade de Vigo no cadro de determinados programas competitivos internacionais, nacionais e autonómicos.

2. Número e características dos contratos

Formalizaranse seis contratos de tres anos de duración, como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade de contrato de acceso de persoal investigador doutor prevista no artigo 22 da Lei 14/2011, de 11 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, modificada a 6 de setembro do 2022. No caso de que consumiran xa o tempo no que poden ter contrato de acceso farase un contrato no marco da lexislación vixente.

As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade, suspenderán o computo da duración do contrato.

A dedicación será a tempo completo e o custo de cada contrato ascenderá a 50.520 € anuais.

As persoas contratadas poderán impartir ata 100 horas anuais de docencia e terán plena capacidade investigadora coa posibilidade de solicitar proxectos como investigadores ou investigadoras principais. Os seus contratos non comezarán ata que rematen cos seus contratos actuais e todas as súas prórrogas posibles.

Á finalización do contrato por expiración do tempo convenido, a persoa traballadora terá dereito a recibir unha indemnización de cuantía equivalente á prevista para os contratos de duración determinada no artigo 49 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

3. Financiamento

O programa financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 0000 421S 140.09 de cada un dos exercicios nos que se desenvolva, no marco das disponibilidades orzamentarias da Universidade de Vigo.



4. Requisitos das persoas solicitantes

Para seren admitidas neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido, e posuír os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- Ser ou ter sido persoal investigador a tempo completo da Universidade de Vigo na modalidade Marie Curie Individual Fellowship, Contratos de proxectos de Jóvenes Investigadores do Ministerio (JIN), Margarita Salas, María Zambrano, Juan de la Cierva-Incorporación, axudas posdoutorais da Xunta de Galicia na modalidade B e que a data de finalización do seu contrato estea comprendida entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024 (sen considerar as posibles prórrogas ás que tivera dereito).
- Dispoñer da acreditación da ANECA ou da ACSUG como profesor/a contratado/a doutor/a ou Profesor/a Permanente Laboral (PPL) ou ben como profesor/a titular de universidade.
- Presentar a acreditación R3/I3, no caso de posuíla (non é un requirimento excluínte).
- Non ter avaliación negativa na convocatoria correspondente ao seu contrato.

Non poderán participar aquelas persoas que finalizasen voluntariamente a súa relación contractual coa Universidade de Vigo antes da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez publicada a lista de admisión provisional, as persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días hábiles para que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo.

5. Avaliación e selección

A selección será realizada pola Comisión de Investigación da Universidade de Vigo, delegada de Consello de Goberno, entre as persoas que cumpran os requisitos sinalados. A Comisión poderá solicitar ás persoas aspirantes a presentación de documentación acreditativa dos méritos curriculares indicados, se o considera necesario.

No caso de que no haxa solicitudes dalgún ámbito o total dos contratos repartiranse entre o resto de ámbitos.

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas dispoñibles, as persoas solicitantes ordenaranse seguindo os seguintes criterios de prelación:

- Terán precedencia en primeiro lugar, as persoas aspirantes con acreditación como profesor/a titular de universidade e acreditación R3/I3.



- En segundo lugar as persoas aspirantes con acreditación como profesor/a contratado/a doutor ou PPL e acreditación R3/I3.
- En terceiro lugar, as persoas con acreditación a profesor/a titular de universidade, sen acreditación R3/I3.
- En cuarto lugar, as persoas con acreditación a contratado/a doutor ou PPL sen acreditación R3/I3.
- En caso de igualdade nos criterios anteriores, as solicitudes ordearanse, en primeiro lugar, pola data de obtención da acreditación correspondente.
- En segundo lugar pola data de certificación do I3/R3.
- En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do profesorado con vinculación permanente.
- En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.
- En caso de igualdade nos catro criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo.
- Como derradeiro criterio procurarase un reparto equilibrado entre os catro ámbitos de investigación (científico, tecnolóxico, humanístico e xurídico-social).

Quen sexa solicitante terá un prazo de 10 días hábiles para formular as súas alegacións, a partir do día seguinte á publicación da resolución provisional.

Resoltas as reclamacións ou alegacións, a Comisión de Investigación fará pública a resolución definitiva.

6. Contratación e seguimento

Convocarase ás persoas propostas na resolución definitiva para formalizar un contrato de acceso de persoal investigador doutor conforme ao previsto no artigo 22 da Lei 14/2011, de 11 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, modificada o 6 de setembro do 2022, coas características indicadas na base dúas desta convocatoria. Si xa esgotaran o tempo posible para formalizar un contrato de acceso farase un contrato no marco da lexislación vixente.

Establecerase unha lista de agarda. A devandita lista utilizarase para cubrir baixas de contratos desta convocatoria e anteriores e estará vixente ata que se resolva a seguinte convocatoria de plan de retención. Os contratos da lista da agarda cubrirán o período de contrato non desfrutado pola investigadora ou investigador que cause baixa.

Aquelas persoas seleccionadas que non rematasen o seu contrato, seguirán na súa condición ata a finalización do último ano de contrato, incluídas neste prazo todas as posibles prórrogas con



expresa obriga de solicitalas. Nese momento farase efectivo o contrato que corresponda derivado desta convocatoria.

As persoas seleccionadas deberán realizar un informe de seguimento anual que será avaliado pola Comisión de Investigación da Universidade. No caso de contar cunha avaliación negativa, que será motivada, poderá darse por finalizado o contrato. Ademais, durante a vixencia do seu contrato, as persoas terán a obriga de presentarse a todas aquelas convocatorias posdoutorais de carácter rexional, nacional e europeo que lles estea permitido. No caso de ser beneficiario/a dalgunha delas, deberán renunciar ao contrato no período no que se atopen.

Unha vez rematado o contrato e no caso de que estas persoas acaden a acreditación a Profesor/a Titular de Universidade e o R3 (ou I3), teñen dereito a participar no plan de promoción de Profesor Titular correspondente ao 15% das prazas da OPE.

7. Formalización de solicitudes e procedemento

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o 11 ata o 24 de setembro de 2024.

As solicitudes serán cumprimentadas segundo o formulario que se adxunta como anexo e dirixidas ao reitor da Universidade de Vigo. Adicionalmente ao formulario de solicitude, deberá achegarse:

- Copia da certificación da acreditación da ANECA ou ACSUG como profesor/a titular de universidade ou como profesor/a contratado/a doutor/a ou profesor/a permanente laboral.
- Copia da certificación I3 ou R3 (no caso de posuila).
- Curriculum vitae detallado. Non é necesario aportar os xustificantes dos méritos indicados no curriculum no momento da solicitude.
- Un resumo (máximo dúas páxinas) da liña de investigación a desenvolver durante a duración do contrato.

A publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 39/2015. Simultaneamente serán publicadas no taboleiro de convocatorias da páxina web institucional da Universidade de Vigo.

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER, sen prexuízo de que tamén poida presentarse nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.



8. Medios de publicidade.

Todas as resolucións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación no taboleiro de anuncios e no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo cuxos enlaces son os seguintes:

<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. Réxime de tratamento de datos.

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo para o 2024 e amparados pola Lei 14/2001, de 1 de xuño da ciencia, tecnoloxía e a innovación, modificada a 6 de setembro do 2022 e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Coa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de axudas para a contratación de Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo para o 2024. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.



Vostede ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Poderá exercer os devanditos dereitos mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir a dita solicitude directamente á delegada de protección de datos da responsable cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, enderezo postal Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas-Marcosende, s/n 32004 Ourense teléfono: 988368834, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

10. Transparencia

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



SOLICITUDE

PROGRAMA DE RETENCIÓN DE TALENTO INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO.
CONVOCATORIA 2024

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:	
Apelidos:	Nome:
DNI/Pasaporte:	Home: ☐ Muller: ☐
Data de nacemento:	Nacionalidade:
Centro:	Campus:
Departamento:	

ENDEREZO DA SOLICITANTE PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		
Enderezo:		
Código Postal:	Localidade:	Provincia:
Teléfono 1:	Teléfono 2:	Email:

A/O solicitante DECLARA:

- Ser ou ter sido persoal investigador a tempo completo da Universidade de Vigo na modalidade Marie Curie Individual Fellowship, Contratos de proxectos de *Jóvenes investigadores do Ministerio (JIN)*, Margarita Salas, María Zambrano, Juan de la Cierva Incorporación, axudas posdoutorais da Xunta de Galicia modalidade B e que a data de finalización do seu contrato estea comprendida entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024 (sen considerar as posibles prórrogas as que tivera dereito)
- Dispoñer da acreditación da ANECA ou da ACSUG como profesor/a contratado/a doutor/a ou Profesor/a Permanente Laboral (PPL) ou ben como profesor/a titular de universidade.
- Certificación I3 ou R3. SI: ☐ NON: ☐
- Non ter avaliación negativa na convocatoria correspondente ao seu contrato.

SOLICITA:

A admisión da súa instancia de participación no PROGRAMA DE RETENCIÓN DE TALENTO INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO. CONVOCATORIA 2024

En _____, a _____ de _____ de 2024
(sinatura)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ Copia da certificación da acreditación da ANECA ou ACSUG como profesor/a titular de universidade ou como profesor/a contratado/a doutor/a ou profesor/a permanente laboral
- ☐ Copia da certificación I3/R3
- ☐ Curriculum vitae detallado (non é necesario aportar os xustificantes dos méritos indicados no curriculum no momento da solicitude).
- ☐ Un resumo (máximo dúas páxinas) da liña de investigación a desenvolver durante a duración do contrato

